



## CLUB DE LECTURA CIENTÍFICA

Unha das propostas que se lle fixo este ano á comunidade escolar de Atios é a do Club de Lectura Científica. E, debido a positiva resposta dun grupo de alumnado e profesorado, o mesmo está a se desenvolver desde principios deste ano académico 23-24

A idea é a de propoñer a lectura por capítulos na casa dunha obra relacionada coa ciencia, en todos os seus ámbitos, para logo poñela en común e debatir sobre ela no tempo dun recreo cada semana.



Así, os martes no primeiro recreo levamos xa unha morea de charlas, intercambio de puntos de vista e entusiasmo, falando conto alegórico do "O home que prantaba árbores", do autor francés Jean Giono, publicado en 1953.






Este libro conta a historia dos esforzos dun pastor para converter un abatido val nos contrafortes dos Alpes, preto da Provenza, nun bosque ao longo da primeira metade do século XX. Nos facemos unha mirada á Física, á Química, á Bioloxía, á Xeoloxía, á Matemática... que constitúe un excelente recurso para a extensión das explicacións na aula, dunha maneira lúdica, divertida.

Continuamos coa lectura do libro “Os nenos da variola”, escrito por María Solar , Desta volta achégase a unha das aventuras máis importantes da historia da humanidade, protagonizada por uns nenos que non tiñan idea de facerse heroes.

Aínda que o foron. Nos seus pequenos corpos, brazo a brazo, levaron a vacina da variola a América.

Sacados dos hospicios da Coruña, Santiago e Madrid, cruzarán o Atlántico formando parte da Expedición do doutor Balmis e na que unha muller fascinante, Isabel Zendal, xogará un papel determinante.

A historia comeza en 1803. Na miseria dos orfanatos. Nun barco que pode ser tamén unha tumba. Nun mar hostil e desapiadado. No medio dese universo cruel, a esperanza e un posible futuro. O heroísmo anónimo de 22 nenos que, grazas a este libro, xa non o serán máis nunca.





Pensamos que a participación neste tipo de Clubes é unha das experiencias que con maior interese e mellor recordo gardan os rapaces e as rapazas da súa etapa educativa.

E, por iso, preparamos con ilusión as súas sesións, co obxectivo de... non deixar a ninguén indiferente!



**GALERIA DE FOTOS:** <https://photos.app.goo.gl/6HBD3vaHXeXbjngz7>